



## **18 e 21 horas lectivas**

---

Cada vez son máis as comunidades autónomas do estado español que recuperan o horario de 18 horas lectivas en secundaria e 21 en primaria, concretamente só quedamos catro sen recuperalo. Cando imos recuperar ese horario en Galiza?

Novamente a Consellaría dá a calada por resposta e non confirma a apertura de ningunha negociación.

## **FP: mesmo traballo, mesmo salario**

---

Instamos á Consellaría a que rectifique na intención expresada na última Mesa e que se abra a recoñecer os dereitos que reclamamos para os colectivos que, en menor ou maior medida, quedan descolgados de todos os beneficios da integración no corpo de PES.

Por outro lado, queremos saber que datos ten a Consellaría, coa información da que dispón neste momento polo que hai cargado en “datos persoais”, sobre o profesorado de FP con titulación necesaria para integrarse no corpo de PES, para saber exactamente de que porcentaxe de profesorado para extinguir estamos a falar.

A Consellaría non dá ningunha resposta,

## **Solicitud de datos do concurso excepcional**

---

Solicitamos da Consellaría que nos proporcione os datos dos que dispoña xa do concurso excepcional rematado onte; por exemplo, o número de aspirantes que teñen que realizar a proba de lingua galega.

Non teñen datos definitivos, pero teñen rexistradas máis de 12.000 solicitudes presentadas por máis de 11.000 persoas.

## **Erro detectado no Concurso de Orientación de primaria**

---

Onte publicouse no DOG o concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, e nel detectamos un erro, corroborado coa dirección do centro, a praza da xefatura de orientación do CEIP Mesón do Vento de Ordes, A Coruña, non está cuberta e na orde aparece como posíbel resulta. Solicitamos que se revise e, se procede, se incorpore como vacante.

Vano mirar, se é así publicarán unha corrección de erros.

## **Xade e PROENS**

---

Ten pensado a Consellaría solucionar os diversos problemas de coordinación entre a aplicación PROENS e o Xade?

Como pode ser que o persoal de baixa ou permiso non teña acceso a PROENS debido ás limitacións do Xade?

Como pode ser que só un docente teña acceso, de novo debido ás limitación do Xade, ao PROENS, nos cursos onde traballa na aula máis dun docente.

Criticamos que PROENS, máis alá da crítica xeneralizada que poidamos facer sobre o seu

funcionamento e sobre a súa idoneidade, non está para nada pensada para Infantil e Educación Especial. Demandamos que non se aplique ou que se adapte para non entorpecer máis o traballo que realmente importa, o docente.

Van analizar os casos que lle comunicamos, nalgúns asumen que hai erros pero que é unha aplicación viva que se vai adaptando e corrixindo.

### **Datas das licenzas de formación**

---

Temos xa datas para a publicación das licenzas de formación? Cal é o motivo para este retraso tan anormal?

Van readaptar os períodos ou número das licenzas para poder ofertar o mesmo número que estaba previsto?

Pendientes dun informe de Facenda, teñen intención de publicar en canto poidan, sen dar datas concretas.

### **Convocatoria do concurso específico para os EOE**

---

A Consellaría comprometeu a convocatoria e foi cubrindo as prazas sen que haxa ningún tipo de lista. Demandamos que se traia a orde á mesa e se convoque.

Teñen pensado traelo á mesa en xaneiro.

### **Recoñecemento de departamentos e coordinacións**

---

• **Profesorado dos ámbitos comúns na FP Básica nos CIFP.** Unha vez que temos profesorado das materias comúns de secundaria nos CIFP é de sentido común crear, cando menos, un departamentos para estas materias. Non é de recibo que se teñan que adscribir a outros departamentos cos que non gardan relación.

• **Recoñecemento de departamentos e coordinacións que non figuran nos ROC.** É unha tomadura de pelo que, a estas alturas, se siga poñendo como excusa que non se pode recoñecer unha coordinación de Igualdade ou de programas internacionais en IES, ou o departamento dunha 2ª lingua estranxeira diferente do Francés. O mesmo acontece coa impartición de ciclos de FP en Centros de Educación Especial. A Consellaría debe recoller nunha norma canto antes o recoñecemento retributivo e de redución horaria destas novas realidades que apareceron durante estes anos.

Por primeira vez afirman que se precisa dunha norma sen facer referencia expresa ao cambio de ROC. Non concretan nada ante a nosa insistencia de que traian unha orde á Mesa para que, cando menos, poidan entrar en vigor para o curso que vén.

### **Erro na pasarela de pago durante toda a tarde do último día do prazo do concurso excepcional**

---

Que garantía vai ter o persoal que non puido pagar no último día de que non vai ser expulsado do proceso, como vai poder pagar unha vez que a aplicación está pechada?

A administración considera que a falta de pago é defecto subsanábel. As persoas teñen que pagar a través da oficina virtual tributaria (cos códigos da convocatoria) e no momento da resolución provisional, na que aparecerán como excluídas, deben presentar a xustificación de ter pagado.